

A CUSTODIA

Iso é o que máis me doe, que haxa persoas tan malas como para destruírle a vida a un fermoso ser como ela, unha nena que sempre viviu nun ambiente cheo de violencia, ata que meteron os seus pais no cárcere.

Eu, despois de moito loitar, puiden conseguir a súa custodia. Non tiñamos ningún lazo familiar que nos unira, pero coidara dela como se fose a miña filla.

Ela estaba moi afectada pola perda dos seus pais. Non podo comprender como é que a destruíran tanto, como puideron meterlle esas ideas na cabeza, como puideron encherlle o copo de odio e, aínda así, que ela seguise sendo tan fermosa.

Realmente intentei quitarlle esas barbaridades que lle inculcaran seus pais desde sempre, pero non fun capaz e esa noite cando lle fun desexar que durmisse ben e non estaba, foi o peor día da miña vida. Ela escapara.

María Bernárdez González 2ºD